

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación, Cultura e Deportes

Premio Internacional “Jesús Núñez” de arte gráfica.- Modificación das bases

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A MODIFICACIÓN DAS BASES DA CONVOCATORIA DO XIV PREMIO INTERNACIONAL “JESÚS NÚÑEZ” DE ARTE GRÁFICA

DON VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Primeiro.- Por resolución da presidencia n.º 9033, do 13 de marzo de 2019, foron aprobadas as bases do XIV Premio Internacional “Jesús Núñez” de arte gráfica, cuxa convocatoria foi publicada no BOP n.º 52, do 15 de marzo de 2019; nestas bases da convocatoria establécese o xeito de presentación a través da plataforma Subtel.

Segundo.- Logo da publicación da convocatoria, recibíronse moitas consultas nas que se pon de manifesto a dificultade para presentar as solicitudes por persoas desde o extranxeiro, xa que a plataforma non recoñece outros números de identificación e certificados de sinatura dixital distintos aos que teñen validez en España, aspecto que neste momento no ten unha solución rápida.

Terceiro.- Á vista da situación, que podería ocasionar un fracaso da convocatoria do Premio, e despois de consultar co Director da Fundación CIEC, entidade que colabora coa Deputación na organización do Premio, considérase que procede modificar as bases da convocatoria, no que se refire á forma de presentación das solicitudes, mantendo a de anteriores convocatorias.

Cuarto.- Consta no expediente informe do Servizos de Acción Social, Cultural e Deportes, Secretaría Xeral e Intervención Provincial.

Vistos os antecedentes sinalados, así como as disposicións legais de aplicación,

RESOLVO:

1.- Modificar as bases primeira, terceira e cuarta da convocatoria, de acordo co seguinte tenor literal:

Primeira.-

Poderán optar ao premio todas as persoas maiores de idade, que non obtivesen o premio nos cinco anos anteriores a este, e que presenten obras coas que non participasen anteriormente en ningún outro concurso ou certame.

Cada artista poderá presentar un máximo dunha obra, en calquera das disciplinas das técnicas gráficas: gravado calcográfico, litografía, serigrafía, xilografía e as súas derivacións.

Terceira.-

O prazo de presentación de obras iniciará o **día 15 de maio de 2019** e finalizará o **día 15 de xullo de 2019**.

As obras enviaranse á Fundación CIEC, rúa do Castro 2, 15300 Betanzos, A Coruña, no sobre indicarse: “XIV Premio internacional “Jesús Núñez” de Arte Gráfica.

Cuarta.-

A **obra** presentarse asinada, sen enmarcar e ao dorso deberá figurar o nome e apelidos do/a autor/a, e o ano da súa realización.

As medidas do papel non excederán de 76 x 112 cm e o tamaño da mancha impresa será, como mínimo, de 28 x 28 cm. O grosor da obra non poderá superar 1 cm

A obra presentada virá acompañada da seguinte documentación:

- **Memoria** explicativa na que consten:

* Datos do/a autor/a: nome e apelidos, NIF (ou documento que o substitúa, para artistas estranxeiros), lugar e data de nacemento, teléfono, correo electrónico.

* Currículo que non exceda dun tamaño DIN A4, por unha cara.

* Ficha técnica: título, técnica, data, tipo de papel, medida do papel (altura x base), medida da mancha (altura x base), número de matrices, número de tintas, tirada e taller de estampaxe.

- **Declaración** de consentimento expreso para o tratamento dos datos persoais que constan na solicitude para a participación no XIV Premio Internacional “Jesús Núñez” de Arte Gráfica, de conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor, alternativamente, recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo isto, sen prexuízo de que se poda exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.

A Coruña, 10 de maio de 2019.

O presidente,

Valentín González Formoso

O secretario,

José Luis Almau Supervía

2019/3737